

# Lingua

## O galego na sociedade da información

Xavier Gómez Ginovart

*Sociedade da información* é o nome que se lle vén dando á sociedade posindustrial e posmoderna na que vivimos e na que a información constitúe o valor do mercado máis característico e prezado. Neste contexto social, as tecnoloxías da información e comunicación (TIC) e, nomeadamente, as tecnoloxías xurdidas das telecomunicacións e da informática, configuran un mundo globalizado do que a Internet se pode considerar o seu epítome. A información, con preferencia en formato multimedia (audiovisual e textual), abunda agora máis ca nunca, convertendo os motores de busca no miolo dun sistema no que Google é o Big Brother.

No último lustro, a imbricación social de Internet vai en rápido ascenso, cun forte desenvolvemento dos proxectos colaborativos en *wiki* (Wikipedia, WikiAnswers, Wikibooks, Wiktionary...), das comunidades virtuais (MySpace, Facebook, Tuenti, Twitter, Flickr...), da práctica de compartir ficheiros en forma de intercambio *P2P* (eMule, Ares, BitTorrent...) ou de descarga directa (Megaupload, Rapidshare, Gigasize, Mediafire...), e da publicación de *blogs* (Wordpress, Blogger...). A web social ou web 2.0 ten como efecto secundario unha maior demanda de rede e unha maior diversificación dos seus usos entre todos os sectores da poboación conectada.

Neste artigo presentaremos unha descrición xeral da situación da lingua galega na sociedade da información e nas novas tecnoloxías, facendo fincapé no seu estado no ámbito das tecnoloxías da información e comunicación, na análise dos usos lingüísticos en Internet e nas tecnoloxías lingüísticas do galego.

### A lingua galega nas TIC

A situación da lingua nas TIC posúe un claro impacto sobre a situación xeral do galego. A medida que avanza a implantación das TIC na nosa sociedade, os usos lingüísticos vinculados a estas tecnoloxías adquiren

un peso e unha influencia maior nos usos lingüísticos xerais da poboación, e todos os datos apuntan a que a introdución dos equipamentos e servizos das TIC na sociedade galega é cada vez maior.

Así, de acordo cos datos fornecidos pola *Enquisa á Poboación Xeral sobre a Sociedade da Información en Galiza*, realizada no ano 2007 polo Observatorio Galego da Sociedade da Información (OGSI), os dous equipamentos das TIC de uso maioritario na nosa sociedade serían o teléfono móbil (88,1 por cento de penetración) e o ordenador (56,3 por cento), mentres que a videoconsola (32,8 por cento) e o TDT (30,5 por cento) alcanzarían un terzo da poboación, e o GPS (16,2 por cento) e o computador de peto ou PDA (10,7 por cento) terían unha presenza menor, mais significativa. Cómpre advertir que estes datos se elaboraron sobre enquisas realizadas no último cuadrimestre de 2007 e que as tendencias destes índices nos últimos anos son en xeral alcistas.

Por outra banda, e segundo os datos sobre audiencia de Internet do *Estudio General de Medios* (EGM), elaborado pola Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación (AIMC), a penetración de Internet en Galicia no período outubro-novembro de 2009 foi do 42,0 por cento. Este dato supón un incremento de 2,9 puntos respecto ao ano 2008 e de 9 puntos con relación a 2007, o que poría de manifesto a implantación crecente do uso da rede na poboación galega.

Na observación dos usos lingüísticos no contexto dos equipamentos e servizos das TIC, cómpre distinguir entre a *lingua do dispositivo* e a *lingua do contido* (ou *lingua no dispositivo*). Por lingua *do dispositivo* entendemos a lingua dos menús e das axudas do seu sistema operativo e das súas aplicacións informáticas, mentres que por lingua *do contido* referímonos á lingua usada polas persoas *no dispositivo*. Esta diferenza pode verse ben cando se escribe un documento en galego (lingua *do contido*) nun procesador de textos que presenta os menús en español (lingua *do dispositivo*). A lingua *do contido* é decisión da persoa que escribe,

mentres que as linguas nas que se ofrecen os menús do programa están limitadas de feito pola oferta de cada fabricante.

A presenza do galego como lingua do dispositivo no ámbito das TIC é limitada e pouco visible, mais non inexistente. Na actualidade, por exemplo, dispónse dunha variedade relativamente ampla de ofertas de telefonía móbil co software en galego. Esta oferta, ademais, recibiu o impulso da Secretaría Xeral de Política Lingüística do goberno bipartito que, en setembro de 2008, promoveu a sinatura dun convenio con cinco fabricantes (Motorola, Nokia, Samsung, Sony Ericsson e Alcatel) para incrementar o número de terminais móbiles cos menús en galego.

No mundo dos computadores, existen traducións ao galego de varias distribucións e paquetes do Linux e das últimas versións do Windows, a pesar de que neste caso a tradución galega (como a vasca) publícase cun certo atraso respecto doutras linguas como a catalá. Tamén están traducidas ao galego algunhas das principais aplicacións informáticas para PC, como MS Office, Open Office e Firefox, e algunhas das webs de maior audiencia, como Google, Bing, Facebook e Tuenti (mais non Yahoo, nin Twitter nin MySpace).

A tradución de software libre ao galego foi unha das prioridades da Consellaría de Innovación e Industria do anterior goberno progresista, canalizada a través de Mancomún, o Centro de Referencia e Servizos de Software Libre creado en 2005 que asumiu a coordinación das traducións de Firefox, Thunderbird e OpenOffice, e levou a cabo a publicación de Galinux, unha distribución en galego de Linux baseada en Ubuntu.

Noutros equipamentos das TIC a presenza do galego é moito máis escasa. Por exemplo, o galego está practicamente ausente no ámbito das videoconsolas e dos navegadores GPS para o automóbil, mentres que Blu:sens é o único fabricante importante que ofrece modelos de reprodutores MP3 e MP4 cos menús en galego de serie.

## O galego en Internet

Analizamos a continuación a situación do galego como *lingua do contido* das TIC no marco de Internet e, máis concretamente, na web. Dentro dos contidos de Internet, o galego ten unha forte presenza nos diarios e revistas dixitais, nos *blogs*, nos proxectos colaborativos e nas redes sociais. Así, a Wikipedia do galego, alcumada Galipedia, leva sete anos de actividade e xa chegou aos 57.648 artigos (a 14/04/10), ocupando o posto 41º na lista de artigos por lingua da enciclopedia. En comparación, na mesma data de consulta, a Wikipedia en catalán leva 237.056 artigos (posto 14ª), a do vasco ten 55.204 (43º), a do español, 587.341 (8º), e a do inglés, 3.254.358 (1º).

Por outro lado, Blogaliza, unha web que referencia os *blogs* do blogomillo (isto é, os escritos en galego), ten censados máis de 9.000 *blogs* escritos na nosa lingua, dos que garda un rexistro da súa actividade. Cos


datos tirados de Blogaliza o 14 de abril de 2010, é posible determinar que o número de anotacións (*posts*) rexistradas no blogomillo nos últimos seis meses foi de 133.613; o número de *blogs* actualizados nas últimas 24 horas, 175; e o número de *blogs* actualizados nos últimos 7 días, 912.

No mundo virtual de Internet, como no real, son posibles diversos xeitos de realizar medicións dos usos lingüísticos. A vitalidade do uso do galego pódese calibrar, por exemplo, observando o lugar que ocupa na arañeira en relación co ocupado polas outras linguas, isto é, calculando o número ou a proporción de páxinas web escritas no noso idioma. A presenza na web dunha lingua mídese habitualmente utilizando as ferramentas que fornecen os buscadores. Así, nun estudo publicado en 2003, a partir de datos fornecidos polo buscador AllTheWeb en marzo de 2002, o galego aparecía no posto trixésimo sétimo entre as linguas da rede, con 98.998 páxinas e o 0,014 por cento do total das 728.948.154 páxinas indexadas polo buscador nas 45 linguas analizadas nese estudo. Na mesma clasificación, o galego aparecía seguido inmediatamente polo euskara (0,011 por cento), mentres que o catalán se situaba no posto vixésimo terceiro (0,094 por cento).

Aínda que o número de páxinas na web constitúe un índice significativo da presenza dunha lingua en Internet (e por tanto da súa vitalidade lingüística), a relevancia deste índice é moito maior cando se pondera co tamaño da poboación falante de cada lingua. O índice ponderado de páxinas web por falante constituiría un índice da cantidade de información e contidos web aos que pode acceder unha persoa na súa propia lingua. Deste modo, o valor no 2002 deste índice para a lingua galega (0,014 por cento), semellante ao que obtiña o euskara (0,011 por cento), debe de ser matizado tendo en consideración, entre outras variábeis, a diferenza a favor do galego entre o número de falantes do euskara e o de falantes do galego. Observando esta variable, a lingua galega non experimentaría variacións de clasificación na lista das linguas con respecto á anterior, manténdose no trixésimo sétimo lugar, cunha proporción de 0,025 páxinas web por falante, mentres que o euskara ascendería na clasificación do trixésimo oitavo posto ao décimo noveno, cun índice estimado de 0,138 páxinas web por falante.

Páxinas/lingua	2002 AllTheWeb	2010 Google
En galego	98.998 (0,014 %)	11.000.000 (0,08%)
En catalán	681.768 (0,094 %)	19.000.000 (0,140%)
En vasco	80.271 (0,011 %)	6.000.000 (0,044 %)
Total	728.948.154	13.500.000.000

Porén, o número de páxinas web escritas en galego aumentou dun xeito sostido desde o ano 2002 no que se levou a cabo o devandito estudo. Na actualidade, o número de páxinas web en galego accesibles por Google podería achegarse aos 11 millóns de páxinas, mentres que o número total de páxinas indexadas por este buscador andaría polos 13,5 mil millóns de páxinas (datos



tirados da web de WorldWideWebSize). Isto é, en oito anos, a presenza do galego en Internet tería aumentado máis de cinco veces, do 0,014 por cento ao 0,08 por cento. Comparado co catalán e co euskara, o galego sería a lingua das tres con maior crecemento porcentual nos últimos oito anos. A presenza actual do catalán no buscador podería cifrarse nuns 19 millóns (do 0,094 por cento ao 0,140 por cento) e a do euskara nuns 6 millóns (do 0,011 por cento ao 0,044 por cento).

## As tecnoloxías lingüísticas

As tecnoloxías da lingua oríentanse ao desenvolvemento de aplicacións informáticas de uso xeral que faciliten a utilización da lingua, a súa tradución, o seu estudo ou a súa aprendizaxe. Algunhas das aplicacións máis populares das tecnoloxías lingüísticas son a corrección ortográfica, os dicionarios electrónicos, a tradución automática e as tecnoloxías da fala. A lingua galega está representada nestes catro ámbitos, con diferentes graos de presenza.

O galego dispón de correctores lingüísticos automáticos de nivel ortográfico que poden ser consultados en liña (Ortogonal) ou no contorno de traballo dun procesador de textos (OpenOffice, MS Office...), e dun corrector gramatical (Golfinho) para OpenOffice.

Así mesmo, o galego goza dunha boa variedade de dicionarios electrónicos de tipo xeral (Ir Indo, Estraviz, DRAG), un vocabulario ortográfico (VOLG), uns poucos dicionarios bilingües (*Diccionario CLUVI inglés-galego*), distintos repertorios neolóxicos e terminolóxicos (Neoteca, Termoteca, Buscatermos), e un abraiante dicionario electrónico recompilatorio (un *Diccionario de dicionarios*) de obras lexicográficas modernas e medievais.

No campo da tradución automática, pódense atopar para o galego tradutores bidireccionais co castelán, portugués, catalán, inglés e francés, ademais do tradutor de Google que, desde febreiro de 2009, pon

o galego en relación bidireccional con outros 50 idiomas (entre eles, a maior parte dos europeos, o chinés, o ruso, o árabe, o xaponés, o coreano e o suahili).

Finalmente, nas tecnoloxías da fala estase a avanzar rapidamente na popularización dos sistemas de conversión de texto en voz para o galego, que permiten unha lectura automática con voz sintetizada de textos escritos nesta lingua. Neste eido, o produto estrela é o sintetizador de fala da empresa turinesa Loquendo, que acadou un alto nivel de intelixibilidade e naturalidade na voz sintetizada para o noso idioma.

## Lingua, tecnoloxía e normalización

A presenza do galego nas tecnoloxías da lingua, nas TIC e en Internet pode ser importante para a súa normalización lingüística e pode ser un factor chave de resistencia no adiantado proceso de substitución ao que apuntan as tendencias recollidas no Mapa Sociolingüístico. Primeiro, porque Internet é o medio de comunicación actual de maior importancia estratéxica e a presenza do galego nos medios de comunicación é imprescindible para a súa normalización. Segundo, porque o incremento da percepción social do prestixio e utilidade do galego é fundamental para a recuperación da súa transmisión lingüística familiar, e a presenza do galego en Internet garante o incremento necesario desta percepción de prestixio e utilidade. E, terceiro, porque o galego precisa dunha identidade e unha presenza internacional recoñecida e respectada, e a presenza do galego en Internet e nas TIC asegura a difusión idónea para o seu coñecemento e recoñecemento a nivel global.

En síntese, a presenza do galego nas tecnoloxías da lingua, nas TIC e en Internet é importante para a súa normalización porque pode contribuír a aumentar o seu uso, o seu prestixio e a súa utilidade, ademais de constituír un factor simbólico importante na percepción propia e allea da lingua.